

Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación co asunto:

Proxecto: Parque eólico Orballeira
Documentos: Estudo de impacto ambiental (Decembro 2021) e Proxecto de interese autonómico (Decembro 2021)
Localización: A Rúa e Vilamartín de Valdeorras (Ourense); Quiroga (Lugo)
Promotor: Sinagra Investments S.L.
Remitente: Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave: IN408A 2020/064
Data rexistro: 25.03.2022
Expediente: IA3116/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 25.03.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais no que, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia, se solicita que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos nomeados "*Estudo de Impacto Ambiental Parque eólico Orballeira. Decembro 2021*" e "*Proxecto de interese autonómico Parque eólico Orballeira. Decembro 2021*" nos termos municipais de Vilamartín de Valdeorras e A Rúa (Ourense) e Quiroga (Lugo).

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia, atópase nesta Dirección Xeral o seguinte antecedente:

- *Documento ambiental inicial. Parque Eólico Orballeira". Marzo 2020*, dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria, informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o 12.11.2020. No dito informe solicítase unha análise do impacto visual do parque eólico desde o trazado do **Camiño de Inverno**, considerando conxuntamente ao menos o impacto visual dos parques eólicos Neboada e Orballeira. Asemade recoméndase a realización de análises de afección visual aos bens do patrimonio cultural próximos aos aeroxeradores.

Sínálase igualmente que a avaliación de impacto incluírá as actuacións que sexan necesarias para o paso do transporte especial no tramo compartido co Camiño de Santiago que, en ningún caso, suporán perda dos valores nin do carácter actual do Camiño, e definíndose as medidas de protección pertinentes para a seguridade dos peregrinos. En todo caso, estudaranse outras alternativas de acceso que non sexan empregar o Camiño de Santiago.

LEXISLACIÓN APLICABLE EN RELACIÓN CO PATRIMONIO CULTURAL:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)

INFORME:

- Unha vez analizados os documentos remitidos compróbase que foron introducidos cambios respecto ao documento informado en fase de consultas ambientais, que describía un parque con 12 máquinas de altura de buxa 105 m e diámetro de rotor 150 m (altura total 180 m).

O parque eólico agora remitido é de 33 MW de potencia total, composto de 5 aeroxeradores, modelo Siemens Gamesa SG-6.6-170 ou similar, cunha potencia unitaria de 6,6 MW, 135 m de



altura de buxa e 170 m de diámetro de rotor (altura total 220 m); e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, zonas de montaxe de grúas, plataformas de montaxe, zona de amoreamentos e parque de maquinaria, gabias de cableado, centro de interconexión e medida, torre meteorolóxica de 135 m de altura e infraestrutura auxiliar.

Os accesos exteriores ao parque eólico realizaranse a partir da infraestrutura viaria da zona, desde a N-120, con saída pola estrada LU-933, e conexión con estrada municipal, común aos parques eólicos de Xeada, Orballeira e Neboada, cara o viario interior. Dentro da poligonal do parque eólico Neboada contéplase o acondicionamento de vieiros existentes e a realización de novos vieiros, de 5 m de ancho mínimo.

A enerxía xerada polo parque eólico evacuarase desde o seu centro de seccionamento ata a SET Neboada, situada a carón deste, entre os aeroxeradores 3 e 4 do parque eólico Orballeira.

- Como se expón nos antecedentes, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu un informe en fase de consultas ambientais no que se solicitaba que, para unha correcta valoración do impacto do parque eólico sobre o Camiño de Santiago, a avaliación de impacto sobre o patrimonio debería completarse co **estudo específico da afección visual** desde o trazado do **Camiño de Inverno**.

Cómpre sinalar que o incremento de altura (40 m) dos aeroxeradores respecto ao deseño reflectido no documento de inicio tamén amplifica a afección visual das infraestruturas do parque sobre o Camiño de Santiago.

Non se inclúe no EIA nin nos seus anexos unha análise detallada do impacto visual do parque eólico sobre o Camiño de Inverno. O Anexo G *Estudo arqueolóxico* non avalía este tipo de impacto e o Anexo D *Estudo de impacto e integración paisaxística* inclúe tan só unha infografía desde o Camiño de Santiago, en Nocedo, a uns 14 km de distancia. Cómpre sinalar que as máquinas máis próximas ao camiño sitúanse a apenas 3 Km.

- Considérase que para poder avaliar axeitadamente a afección da construción do parque eólico Orballeira, é necesario que a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural se complete cunha análise visual, desde o Camiño de Inverno, tal como se requiriu no informe da Dirección Xeral de Patrimonio cultural do 12.11.2020; tendo en conta que nesa zona se están a tramitar varios parques eólicos que comparten o acceso e a evacuación, a análise do impacto visual realizarase tendo en conta os efectos sinérxicos, cando menos dos dous parques máis próximos ao Camiño de Santiago (Neboada e Orballeira).

Tendo en conta asemade que o emprazamento dos aeroxeradores variou considerablemente do deseño do documento ambiental de inicio ao deseño do EIA, deberá realizarse unha análise detallada en planta, do itinerario entre Vilamartín de Valdeorras e San Miguel de Montefurado (Quiroga), sinalando de xeito gráfico en planta os tramos en que poidan ser visibles as infraestruturas desde o Camiño de Inverno. Asemade, desde os tramos, nos que exista un maior impacto visual, deberán realizarse unha serie completa de recreacións, cunha resolución adecuada, baseadas en fotografías obtidas in situ do percorrido analizado, mirando cara ao parque, sobre as que se montarán as infografías dos aeroxeradores, a escala, que deberán verse de xeito nítido sobre o horizonte. Avaliarase o impacto visual e propoñeranse medidas correctora oportunas para mitigalo.

- Respecto da **liña de evacuación**, que é obxecto do proxecto do parque eólico Neboada, cómpre sinalar que no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 07.07.2022, respecto ao parque eólico Neboada, foi requirido un estudo de alternativas de trazado que crucen en soterrado o Camiño de Santiago de xeito que se minimice o impacto visual. É imprescindible que se realice a análise das diferentes alternativas para que poida chegar a avaliarse a posibilidade de cruzar o territorio histórico do Camiño de Santiago en aéreo, xa que só se estudaría como un caso excepcional e debidamente xustificado.

O trazado da liña de evacuación quedará supeditado ao estudo realizado no parque eólico Neboada.

- Respecto ao **acceso ao parque eólico**, agora propónse un acceso desde a N-120 diferente ao



reflectido no documento de consultas ambientais. Este novo acceso emprega un tramo do Camiño de Inverno de aproximadamente 1,5 Km. Non se inclúe na documentación achegada a avaliación de impacto das actuacións necesarias para o paso do transporte especial no tramo compartido co Camiño de Santiago, xa que logo se atopa fóra da poligonal.

De calquera xeito, non se poderá informar favorablemente o acceso ao parque eólico sen ter avaliada a afección ao Camiño de Santiago, aínda que esta afección se produza fóra da poligonal, xa que será inevitable o uso do Camiño ata chegar a ela; polo que se deberá aportar unha avaliación de impacto das actuacións que sexan necesarias para o paso do transporte especial no tramo compartido co Camiño de Santiago.

- En atención ao expresado nos parágrafos anteriores, considérase que para poder avaliar axeitadamente a afección da construción do parque eólico Orballeira sobre o patrimonio cultural, é necesario que se remita documentación complementaria, que dea resposta ao requirido no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 12.11.2020 e nas puntualizacións realizadas no presente informe.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética
Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

